



ACTA DA COMISIÓN DELEGADA DO CONSELLO DE COMUNIDADES GALEGAS.

Ribeira Sacra - Maio 2015.

No Diario Oficial de Galicia do 30 de abril de 2015, fíxose pública a Resolución do 22 de abril de 2015, da Secretaría Xeral da Emigración, na que se dispón a convocatoria e a orde do día da Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas a celebrar en Santo Estevo de Ribas de Sil os días 28 e 29 de maio de 2015.

As 9:30 horas do día 28 de xuño de 2015, reúnese en sesión ordinaria a Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas en Santo Estevo de Ribas de Sil, na sede do Parador Nacional.

Asisten as seguintes persoas:

- D. Antonio Rodríguez Miranda, secretario xeral da Emigración, como presidente da Comisión Delegada.
- D. Ramón Brigos Fernández, funcionario da Secretaría Xeral da Emigración, como secretario da Comisión Delegada.

VOGAIS EN REPRESENTACIÓN DAS COMUNIDADES GALEGAS:

Da Área de España:

- D^a. Pilar Rodríguez Villar, en representación da Agrupación Fillos de Galicia en Sestao.
- D. Ernesto Lagarón Vidal, en representación da Agrupación Cultural Saudade de Barcelona.
- D. José Ignacio Paz Bouza, en representación do Centro Galego de Salamanca.
- D. José Antonio Otero Fernández, en representación do Lar Galego de Sevilla.

Da Área de Europa:

- D. José Ramón García Tomé, en representación do Centro Cultural Galego de Frankfurt.
- D. Miguel Palomo López, en representación do centro Galego de Bruxelas.
- D. Álvaro Moreira Muíños, en representación do centro Xuventude de Galicia, Centro Galego de Lisboa.

Da Área de América:



Comisión Delegada
do Consello de
Comunidades Galegas

- D. Roberto González Pérez, en representación da Irmandade Galega de Venezuela.
- D. Jorge Torres Cantalapiedra, en representación do Centro Galego de Montevideo.
- D. Enrique F. Repiso Muriedas, en representación da Sociedade Cultural Rosalía de Castro de Cuba.
- D^a. Beatriz Carballo Regueira, en representación da Asociación Unión Partido Xudicial de Órdes en Bos Aires.
- D. Tomás Álvarez Domínguez, en representación da Casa de Galicia en Montevideo.

Asisten á reunión da Comisión Delegada, por invitación do presidente, os seguintes membros da Secretaría Xeral da Emigración:

- D. Ildfonso de la Campa Montenegro, xefe de Gabinete da Secretaría Xeral da Emigración.
- D. José Carlos García Bouzas, subdirector xeral de Xestión Económica, Administrativa e do Retorno.
- D. Antonio Casas Calviño, xefe do servizo de Programas Socio-Asistenciais.
- D. José Iglesias de la Fuente, xefe do servizo de Promoción das Comunidades Galegas.

Está presente no acto de apertura da sesión da Comisión Delegada:

- D. José César Parente Pérez, Alcalde do Concello de Nogueira de Ramuín.

Sendo as 9:30 horas, toma a palabra o presidente da comisión para dar a benvida a os presentes e manifesta o seu agradecemento ao Alcalde de Nogueira de Ramuín, D. José César Parente Pérez, pola súa presenza na apertura da reunión da Comisión Delegada do Consello das Comunidades Galegas.

Manifesta a satisfacción de todos os presentes de estar neste Concello, coñecido como terra do afiador, figura de fondo simbolismo para a emigración e da universalidade da nosa Terra, que exemplifica a nosa presenza en tódolos rincóns do mundo.

A continuación, tras ésta breve intervención dálle a palabra ao Alcalde de Nogueira de Ramuín.

Saúda a os presentes, agradece que se celebre nun lugar tan simbólico da Ribeira Sacra como o Mosteiro de Santo Estevo unha reunión da Comisión Delegada como representante de tódolos



galegos espallados polo mundo e manifesta que representa un grande orgullo para o seu Concello acollela. Despídese desexando a todos unha feliz estancia e un frutuoso traballo poñéndose a disposición dos presentes.

Toma a palabra o secretario da Comisión para facer lectura da Orde do Día, reflectida na Resolución da Secretaría Xeral da Emigración, de 22 de abril de 2015, de Convocatoria da reunión da Comisión Delegada e publicada no DOG de 30 de abril de 2015, que consta dos seguintes puntos:

- 1. Constitución da comisión.**
- 2. Informe do secretario xeral da Emigración sobre o estado das liñas de actuación da secretaria xeral.**
- 3. Informe sobre o desenvolvemento da Lei 7/2013, do 13 de xuño, da Galegidade.**
- 4. Informe da Comisión Delegada sobre as solicitudes de recoñecemento da condición de Comunidade Galega.**
- 5. Rogos e preguntas.**

A continuación fai lectura da relación de representantes das Comunidades Galegas membros da Comisión Delegada asistentes a reunión.

1. Primeiro punto da orde do día: Constitución da Comisión Delegada.

O presidente da Comisión presenta ao persoal da Secretaría Xeral da Emigración que asiste á sesión, comproba que existe quórum suficiente e declara constituída a comisión.

Sométese á aprobación dos membros presentes a acta da anterior reunión da Comisión Delegada celebrada os días 12 e 13 de xuño de 2014, en Santiago de Compostela. Queda aprobada por unanimidade dos membros presentes da Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas.

D. José Ignacio Paz Bouza, representante do Centro Galego de Salamanca, según o seu compromiso tomado na anterior sesión, fai entrega de copia da acta da Comisión Delegada celebrada en Lisboa en 2008, na que se acordou facer un recoñecemento da labor realizada por D. Ramiro Bieito coa entrega dunha placa no Pleno do Consello de Comunidades Galegas.

2.- Segundo punto da orde do día: Informe sobre o estado das liñas de actuación da Secretaría Xeral da Emigración.



O secretario xeral da Emigración pasa a expoñer os diferentes programas de actuación desenvolto pola Secretaría Xeral da Emigración durante o presente exercicio de 2015.

No apartado da Área Socio asistencial, aproveita a súa intervención para enviar un agarimoso saúdo a colectividade de Venezuela, polos especiais tempos que están a vivir, que se reflicta no maior nº de solicitantes de axudas, desexando que a situación reverta canto máis antes. Agradece a Consellería de Traballo e Benestar e a súa titular en particular, o apoio que presta en tódolos programas de carácter social e pola súa implicación coa emigración, traballo transversal de todo o Goberno .

Salienta o importante momento que se está a producir pola reorganización económica de Cuba, e que os xoves descendentes de galegos están preparados para lideralo.

Agradece a labor realizada polo persoal da secretaría da emigración na tramitación e resolución dos programas, realizada en tempo récord con respecto a anos pasados, e destaca a importante labor do persoal das oficinas de información e delegacións da Xunta no exterior nestes procesos e pide a os presentes un esforzo para que se faga unha labor de divulgación dos distintos programas para que cheguen a máis xente.

A súa intervención figura como ANEXO I da presente Acta.

Salienta que quere aproveitar o momento para sinalar que remata o traballo desta Comisión Delegada elixida no ano 2012, que resúltalle difícil escoller as palabras para agradecer o traballo leal e colaborativo prestado por todos os membros da Comisión dende que foi nomeado secretario xeral da Emigración, para axudar en sentido positivo, incluso nas críticas. Destaca o espírito de compañeirismo co que se fixo o traballo, agradecendo as institucións e as persoas a súa implicación. Agradecemento que quere se lle traslade ás Entidades Galegas de cada país.

Traballo difícil e complexo o desenvolvido nestes dous anos, durante os que se puxo en marcha, aprobando os regulamentos de desenvolvemento, a Lei 7/2013, de 13 de xuño, da Galeguidade, aprobada polo Parlamento de Galicia. Anuncia que está en trámite de aprobación polo Consello da Xunta o Regulamento de funcionamento do Consello das Comunidades Galegas e da súa Comisión Delegada e que solo resta para rematar, o decreto que determine os dereitos e deberes das Comunidade Galegas.

Manifesta que todas as Comunidades Galegas representadas nesta Comisión Delegada fixeron un traballo leal, loable, e de inestimable cuantificación que quedará para o futuro, que se



traballou buscando o mellor beneficio para a galegidade universal polo que lle da as grazas a todos.

3.- Terceiro punto da orde do día. Informe sobre o desenvolvemento da Lei 7/2013, do 13 de xuño, da Galegidade.

O presidente da a palabra D. José Carlos García Bouzas, subdirector xeral de Xestión Económica, Administrativa e do Retorno e responsable da área do Rexistro da Galegidade. A súa intervención sobre a situación actual das solicitudes de acceso ao Rexistro da Galegidade figura como Anexo II a presente acta.

O rematar a exposición deste punto, D^a. Beatriz Carballo Regueira solicita a listaxe de entidades da súa área que faltan por cumprir co indicado na Lei 7/2013, do 13 de xuño, da Galegidade.

D. Ernesto Lagarón Vidal pide que se esixa veracidade nos datos aportados polas entidades, sobre todo os concernentes no nº de socios, xa que afecta a todos.

O secretario xeral da Emigración resposta que se está nun proceso aberto, que no desenvolvemento se irá aclarando a situación de cada quen, que na nova lei se contempla a posibilidade de revogar a cualificación das distintas entidades.

4.- Cuarto punto da orde do día. Informe preceptivo da Comisión Delegada sobre as solicitudes de recoñecemento da condición de comunidade galega.

O presidente introduce este punto e da a palabra D. José Carlos García Bouzas,

Sométese á debate o informe elaborado sobre as solicitudes presentadas por diversas entidades, de recoñecemento da condición de comunidade galega. O informe figura no Anexo II da presente acta.

Apróbbase o informe preceptivo da Comisión Delegada é fírmase por todos os membros presentes na reunión.

A continuación o presidente pide que neste punto se aborde unha explicación sobre a fórmula da ponderación de voto das distintas comunidades para a elección da Comisión Delegada no Consello de Comunidades Galegas, recollido no regulamento de desenvolvemento da Lei.

Da a palabra a D. Ildfonso de la Campa Montenegro. A súa intervención figura como ANEXO III a presente acta.



5.- Quinto punto da orde do día. Rogos e preguntas.

O presidente abre a rolda de intervencións:

- Toma a palabra Tomás Álvarez, da Casa de Galicia de Montevideo e comeza felicitando ó secretario xeral da Emigración e os seus compañeiros e funcionarios da Secretaría Xeral da Emigración polo traballo que se desenvolve para acadar os logros que se acadaron nos programas expostos. Así mesmo, pide pola parte humanitaria das persoas maiores galegas que están nos fogares de anciáns, para que non quede no esquecemento a situación na que viven e pola necesidade de axuda constante que precisan. Manifesta que esta xente depende só da axuda de Galicia e de España e agradece as atencións prestadas dende a Secretaría Xeral da Emigración.

O secretario xeral da Emigración agradece os eloxios e manifesta que non só a Secretaría Xeral da Emigración fai esa labor senón tamén e de recibo recoñecer a labor das institucións que de sempre axudaron aos galegos.

- Toma a palabra Ignacio Paz Bouza, presidente do Centro Galego de Salamanca e comeza lamentándose pola situación de que aínda hoxe en día haxa máis de 8.000 galegos que precisen as axudas económicas individuais, os que lle hai que sumar toda a xente atendida a través dos convenios suscritos dende a Secretaría Xeral da Emigración. Di que este traballo social e prioritario é a principal tarefa no eido da da emigración o axudar a toda esta xente galega necesitada, o resto tórnase en secundario.

Indica que se está rematando maio e non se sabe aínda a axuda da Secretaría Xeral da Emigración que lle corresponde a cada centro. Por iso fai un chamamento a que se resolva canto antes.

O secretario Xeral da Emigración di que, con respecto as axudas sociais, ogallá houbera que atender a menos galegos e ogallá houbera máis recursos. Sobre o tempo de resolución das convocatorias de axuda que, a día de hoxe, se teñen valorado todos os expedientes que temos adiantado dous meses sobre o ano pasado. Pero que o máis laborioso é completalos. Dende a Secretaría Xeral da Emigración trátase, na medida do posible, apuralos, sempre cumprindo os prazos legais establecidos na propia convocatoria e na lei de procedemento administrativo. Pero que o principal problema é que son os os propios centros os que non aportan ben a



documentación e iso require que se estea insistindo continuamente para que a aporten na maior brevidade posible. Todo ese traballo interno que non se ve é necesario para poder cumprir os prazos, e reconece que hai que seguir mellorando, pero tamén pide que dende as entidades se procure colaborar na axilidade da aportación da documentación que se solicita. Di que “na medida na que nós resolvamos, as entidades poderán xustificar canto antes e poderán recibir o importe da axuda canto antes”. Tamén aproveita para dicir que xa se pode xustificar o programa 1 que está resolto, que en canto se faga poderase pagar a axuda.

Continúa Ignacio Paz Bouza coa súa intervención dicindo que, respecto ao tema do Rexistro da Galeguidade, lle preocupa a situación das catorce entidades que presentan singularidades na súa circunscrición e solicita saber cales non teñen actualizados os datos.

O secretario xeral responde que se facilitará un listado por áreas das entidades que faltan poñerse ao día.

Así mesmo, respecto a intervención de Ildfonso de la Campa, D. Ignacio di entender que o voto vai ser por Comunidade Galega de forma individual, que vai ser difícil preservar o secreto do voto.

A este respecto, Ildfonso de la Campa, respóndelle que o voto vai ser en urna e con papeleta, que pola Lei da Galeguidade as entidades resultantes de unións van ter durante dous Consellos o voto das entidades que a constituíron. Por iso, haberá diferenzas nas papeletas das votacións. A finalidade é preservar a privacidade do voto emitido en urna.

O secretario xeral da Emigración intervén dicindo que non se pode perder de vista que “como Consello, somos algo máis que representantes de centros e comunidades, somos a representación do conxunto de galegos do mundo. Por iso o voto ponderado afonda na representatividade de todos, con máis lexitimidade representativa que os propios C.R.E. do Estado. Este, precisamente, foi un asunto abordado en sede parlamentaria e quedou esclarecida a real representatividade do Consello”.

- José Otero Fernández, do Lar Galego de Sevilla, pregunta se España vai votar como área xeográfica, ao que Ildfonso de la Campa lle responde que si.

- Toma a palabra Beatriz Carballo Regueira, da Asociación Unión Partido Xudicial de Órdes en Bos Aires, e comeza dicindo que foi moi dura esta etapa de implementación da Lei da



Galegüidade que notouse a boa vontade por parte de todos os axentes implicados e que todo iso é de agradecer. Di que trae a ponencia de Arxentina e de Chile que se lle pediu dende a Secretaría Xeral da Emigración, e faille entrega dela ao secretario xeral da Emigración. Así mesmo quere expresar de parte de toda a colectividade galega en Arxentina e en Chile o agradecemento e o recoñecemento ao traballo realizado por Cruz García Palmou, funcionaria da Secretaría Xeral da Emigración, na Delegación da Xunta de Galicia en Bos Aires para axudar a todas as entidades galegas a cumprir co disposto na Lei da Galegüidade.

Na última parte da súa intervención, solicita aclaración sobre o Certificado de Residencia Fiscal, que se solicita como documentación na resolución da convocatoria de axudas ás Entidades Galegas no Exterior.

Intervén José Iglesias de la Fuente, Xefe do Servizo de Promoción das Comunidades Galegas, e comeza dicindo que a solicitude do Certificado de Residencia Fiscal e un requisito previsto nas leis española e galega de subvencións que xa ven dende 2003, aínda que é un concepto que varía segundo a lexislación de cada país. En España pódese recadar dende a propia secretaria, sen necesidade de solicitarlo á Entidade Galega. Di que este documento non é a primeira vez que se solicita nunha convocatoria da Secretaría Xeral da Emigración, que se está a solicitar dende fai 12 anos e que este certificado tamén se pide para equipamentos e obras nas axudas concedidas polo Estado español. Que nas convocatorias da Secretaría, para facilitar as cousas, fanse unhas matizacións nas instrucións que se enviaron as Entidades Galegas no Exterior, no sentido de que, naqueles países nos que non haxa a obriga de ter o certificado mencionado, sexa suficiente aportar unha certificación do consulado ou embaixada de España nese sentido.

Di que “durante estes anos atrás, veuse substituíndo este certificado por outros similares como o NIF, pero que agora vaise perfilando este concepto e así vense esixindo. Dende a Secretaría Xeral da Emigración puxémonos en contacto con todos os centros de Arxentina e Uruguai para que nos aportasen ese certificado, e puidemos comprobar que se retrasa máis de dous meses en ser entregado polos órganos correspondentes deses estados. Este certificado serve para comprobar que se está ó corrente coa Administración e non se teñen débedas pendentes”.

Apunta que o NIF identifica a entidade mentres exista. Por iso non o pedimos, sempre e cando o coñezamos a través do Rexistro da Galegüidade.

Jorge Cantalapiedra apunta que, as veces, estes asuntos obrigan a algunhas entidades a facer cousas que non queren por temas impositivos.



- Intervén Enrique Repiso Muriedas, da Sociedade Cultural Rosalía de Castro de Cuba, para agradecer o traballo de toda a Secretaría Xeral da Emigración para axudar a toda a colectividade Galega en Cuba. Así mesmo, solicita máis apoio para o Centro de Día de Monterroso, para que sexa posible a súa posta en marcha no 2016.

- Toma a palabra Jorge Torres Cantalapiedra, do Centro Galego de Montevideo, para manifestar que a xerarquización do Consello de Comunidades Galegas é un ámbito no que se sentiu moi cómodo, aínda que cree que se debe mellorar, pero que realmente é moi práctico para toda a colectividade galega.

Agradece á administración a súa preocupación pola terceira idade de Uruguai, e súmase ó agradecemento a Cruz García Palmou feito por Beatriz Carballo.

Manifesta a todos os presentes a necesidade de mellorar na actuación da Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas. Di que “todos debemos saber a quen representamos dentro da nosa respectiva área xeográfica, no debe está o non haber sabido transmitir a outras institucións a representación que ostentamos”.

Por último manifesta o agradecemento o secretario xeral da Emigración pola súa presenza no 135º aniversario do Centro Galego en Montevideo.

O secretario xeral da Emigración agradécelle os parabéns e di que lle quere trasladar a felicitación de todos polo recoñecemento feito polo Goberno de España ao concederlle a Medalla da Emigración.

- Intervén Roberto González Pérez, Presidente da Hermandad Gallega de Venezuela, manifestando que a pesares de ser novo como membro da Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas, non ten descoñecemento de todo o traballo realizado anteriormente no seo da mesma.

Agradece as axudas concedidas as persoas e entidades de Venezuela e manifesta que as necesidades van aumentar moito nos vindeiros meses e anos pola terrible situación pola que atravesamos o país. Di que “ podemos constatar que cada vez son máis os galegos que acoden a Hermandad para pedir axuda”.



Fai un recoñecemento da importancia do Programa Conecta con Galicia, e indica que a maioría son solicitantes de segunda xeración e solicita un aumento de prazas para Venezuela, debido a cantidade de solicitudes de participación neste programa que reciben na súa entidade.

Así mesmo, agradece a Antonio Rodríguez Miranda e a Aurelio Miras Portugal a súa presenza no acto da súa toma de posesión como Presidente da Hermandad Galega de Venezuela.

- Toma a palabra Ernesto Lagarón Vidal, da Agrupación Cultural Saudade de Barcelona, que comeza recoñecendo que non se fai a suficiente difusión dos programas que se levan a cabo na Secretaría Xeral da Emigración, as veces, por unha incapacidade ao estar a outras labores.

En segundo lugar, quere deixar claro que non poden inscribir outra federación no Rexistro en Cataluña debido a que xa está inscrita outra e non lles permiten inscribirse nesta. Solicita a colaboración da Secretaría Xeral da Emigración para intentar acadar una solución para poder estar todos na Federación e que así poidan mellorar as cousas. Di que “ con respecto a Unión, non toda a xente está convencida da súa oportunidade”.

O secretario xeral apúntalle que se tratará de ver como arranxar os asuntos que expón.

- Intervén Pilar Rodríguez Villar, da Agrupación Fillos de Galicia en Sestao, manifestando en primeiro lugar o seu agradecemento a Secretaría Xeral da Emigración pola predisposición e paciencia cos centros así como a todos os membros da Comisión Delegada das Comunidades Galegas polo traballo realizado nestes anos de arduo traballo.

En segundo lugar indica que se debe tomar consciencia de que dende o seu Centro no se promocionan os Programas que se levan a cabo dende a Secretaría Xeral da Emigración, especialmente os dos xoves, pois dende fai anos tiveron máis interese polos non galegos que polos galegos.

Informa que a Federación do País Vasco estaba composta por 12 centros e agora son só 10, que dúas quedáronse descolgadas por ser pequenas.

Solicita a organización de novos obradoiros ou xornadas de especialización no seu Centro en Sestao.

Por último, traslada ao secretario xeral da Emigración a solicitude de realización da mostra Galicia Pórtico Universal no 2016 en Euskadi, que se celebraría posiblemente en Bilbao.



O secretario xeral da Emigración indica que dende a Secretaría Xeral da Emigración se toma nota das solicitudes sobre obradoiros e do Galicia Pórtico Universal, aínda que neste último, hai que contar coa colaboración da Consellería do Medio Rural e do Mar, coa Axencia Galega de Turismo e con Artesanía, e entre todos decidir se se fai ou non.

- Intervén José Antonio Otero Fernández, do Lar Galego de Sevilla, felicitando a Secretaría Xeral da Emigración polo traballo realizado, non solo pola forma de expoñelo si non tamén polo fondo.

Continúa destacando de entre todas, as accións expostas nos programas sociais levados a cabo na Secretaría Xeral da Emigración. Así mesmo resalta a celebración da mostra Galicia Pórtico Universal en Sevilla e Córdoba, que foi extraordinaria como foro de coñecemento e difusión da cultura galega. Salia que é unha iniciativa moi importante ao contemplar os centros galegos como oficinas de interese económico e turístico

Manifesta que, sobre o control do nº dos socios dos centros, non se deberían incluír máis controles previos, “ se algunha entidade falsea os datos deberá ter as súas consecuencias. Por iso sería importante establecer unha Auditoría do Rexistro de Entidades”.

Solicita a convocatoria de novos programas a Secretaría Xeral da Emigración, tales como concursos literarios, fotográficos..., e solicita axudas para levalos a cabo, iniciativas que requiren pequenos orzamentos.

Solicita aclaración acerca de por que para os efectos de estatísticas, solo se contemplan os nados en Galicia como referencia, sen contar as seguintes xeracións.

O secretario xeral da Emigración respóndelle que as segundas xeracións e seguintes nados en outra autonomía xa non teñen a condición de galegos, que aínda así, na Lei da Galeguidade, se estableceron parámetros que contemplaron estes aspectos e que son homoxéneos consonte as áreas. Que se toma nota sobre a oferta de novos programas así como da suxestión da realización de auditorías sobre o nº de socios das entidades.

A este respecto resalta que nestes momentos de posta ao día, trátase de ser flexibles cos centros, máis adiante suscitarase regularizar e complementar o que faga falta. Os listados de socios iran solicitando pouco a pouco e respectando as distintas leis sobre protección de datos.



Comisión Delegada
do Consello de
Comunidades Galegas

- Toma a palabra Miguel Palomo López, do Centro Galego de Bruxelas, para preguntar sobre as ponencias que se van a desenvolver no Consello de Comunidades Galegas, e manifesta a súa predisposición para dar ideas sobre eses relatorios, e en concreto sobre unha para como integrar algúns colectivos especiais no ámbito dos centros.
- Toma a palabra José Ramón García Tomé, do Centro Cultural Galego de Frankfurt, e comeza agradecendo á Administración en xeral, e á Secretaría Xeral da Emigración en particular, por ser capaz de ver que en todos os países existen os mesmos problemas coa colectividade galega e ser capaz de darlles resposta. Descúlpase por non ter asistido en representación do seu centro nestes últimos dous anos e comprométese a asistir vendo a relevancia dos asuntos tratados.
- Intervén Álvaro Moreira Muíños, do Centro Galego de Lisboa para manifestar a nivel persoal e en nome da entidade que representa o seu agradecemento por poder estar aquí presente na Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas e por que o noso traballo se reflexe na comunidade galega do exterior.

Agradece a os membros da Comisión das distintas áreas a súa compañía e colaboración así como o espírito de compañeirismo e de convivencia mantidos durante os últimos anos de traballo.

Así mesmo, agradece a colaboración prestada dende a Secretaría Xeral da Emigración para cumprimentar a documentación necesaria no Rexistro da Galegidade para manter o recoñecemento de Comunidade Galega.

Rematada a rolda de intervencións levántase a sesión.

Venres 29 de maio, sendo as 10 horas da mañá, o presidente da Comisión, tras comprobar que existe quórum suficiente e dentro do último punto do orde do día, toma a palabra para abordar a celebración do próximo Consello de Comunidades Galegas.

Manifesta que a Lei da Galegidade obriga a celebrar o Consello de Comunidades Galegas transcorridos tres anos dende a celebración do anterior, que cumprido este tempo a finais de xuño iniciáronse xestións para realizalo no mes de setembro. Estas xestións tomaron forma



nunha primeira proposta elevada ao Presidente da Xunta de Galicia artellada sobre tres premisas:

- O último Consello organizouse en Galicia.
- Ós últimos celebrados no exterior, fixéranse en en Uruguai e en Arxentina. No exterior, os países onde existe unha maior colectividade e presenza de galegos e non se ten celebrado consellos son: Venezuela, Cuba ou Brasil.
- Temos unha recomendación aprobada na última reunión de esta Comisión Delegada de facelo na Habana tras a solicitude presentada no seu día pola Federación de Sociedades Galegas de Cuba.

Tras analizar estas cuestións, tendo en conta as graves dificultades para facelo en Venezuela pola difícil situación que se vive no país, e tendo presente o feito de que o 15 de abril cumpríronse 100 anos da inauguración do Pazo do Centro Galego da Habana, decidiuse propoñer La Habana como lugar de celebración.

Trasládouse esta proposta ao Goberno Cubano para solicitar a súa colaboración, e tras barallar posibles datas, acordouse como propicia a celebración sobre mediados do vindeiro mes de setembro. Posteriormente, debido o anuncio da visita do Papa a Cuba, e coa recomendación do goberno de Cuba, optouse por variar as datas, asunto que se está a estudar tendo en conta o feito de que sexa moi probable a celebración dun proceso electoral ao Goberno e España a finais de ano, e que creemos que non é recomendable organizar o Consello coincidindo coa campaña electoral. Outra cuestión a resolver o pechar unhas datas, e casalas coa axenda do Presidente e tamén co Goberno Cubano. Salienta que cando se teñan datas comunicaranse cando máis antes.

- José Ignacio Paz Bouza pregunta por qué non pode ser a finais de setembro.

O secretario xeral da Emigración comenta que dende o Goberno Cubano solicitan que a data elixida sexa posterior, cando menos, a mediados de outubro.

- Beatriz Carballo Regueira plantea a posibilidade de facelo a partires do 15 de xaneiro de 2016.

O secretario xeral da Emigración indícalle que se toma nota de proposta. Así mesmo manifesta a intención de someter á consideración dos presentes os catro relatorios seguintes:

1º Galegüidade: dentro deste relatorio de galegüidade, que cree esencial, abordaranse tres aspectos concretos a tratar:

- Muller



Comisión Delegada
do Consello de
Comunidades Galegas

- Xuventude
- Proxección exterior de Galicia.

Aspectos que a Lei da Galeguidade establece como básicos para traballar no futuro. Este relatorio elaborárase dende a Secretaría Xeral da Emigración.

2º Cultura: Cultura, lingua e patrimonio. Que tamén está recollido entre os relatorios recollidos na Lei da Galeguidade. Este relatorio encargouse ao Consello da Cultura Galega, que tamén esta a estudar a conformación dun “Plan de Protección do Patrimonio das Comunidades Galegas do Exterior”.

3º Relatorio de carácter social: váise a pedir a colaboración da Consellería de Traballo e Benestar para a súa preparación, conxuntamente coa Secretaría Xeral da Emigración.

4º. Tecnoloxía: Elaborárase dende a Secretaría Xeral da Emigración.

A continuación comenta que serán recollidos con satisfacción as posibles contribucións a os contidos mencionados.

Posteriormente ábrese unha rolda de intervencións.

- Tomás Álvarez solicita aclaración sobre o tratamento que se debe dar o patrimonio dos Centros Galegos no exterior, propón que se escribure a nome do Goberno da Xunta de Galicia, poñendo de exemplo o Hogar Español de Montevideo que o ten a nome de España.

O secretario xeral da Emigración resposta que, si ben este asunto o aborda a nova Lei da Galeguidade, sería importante que este tema fose consultado coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, e traslada a Comisión un pronunciamento a este respecto.

A Comisión aproba o acordo de realizar esta consulta por unanimidade.

-Ignacio Paz solicita que, tendo en conta que o relatorio de Galeguidade e de gran transcendencia, se aborde nunha sesión plenaria.

O secretario xeral resposta que se estudará, aínda que débese ter en conta que tampouco tería sentido que todos participasen en todo.

-Enrique Repiso solicita que antes do plenario de presentación dos acordos das reunións dos diferentes relatorios, se distribúan as propostas para o seu estudo antes do plenario.

O secretario xeral da Emigración contesta que se intentará.



Non habendo máis cuestións na rolda de intervencións o secretario xeral da Emigración somete á aprobación da Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas a aprobación das propostas de relatorios mencionada.

A Comisión Delegada aproba a proposta por unanimidade.

O secretario xeral da Emigración realiza unha breve exposición da iniciativa que, coordinada institucionalmente dende o Valedor do Pobo, pretende que a Ribeira Sacra figure inscrita na Lista do Patrimonio Universal elaborada pola Organización das Nacións Unidas. Di que estaba prevista a presenza do Valedor do Pobo na presente Comisión pero que a súa necesaria asistencia a unha comisión no Parlamento o impediu.

Manifesta que esta iniciativa está aínda nun momento inicial, que o primeiro paso e que a Xunta de Galicia débeo declarar ben de interese cultural e unha vez iso ocorra, trasladar a petición ao organismo do Estado competente para facelo por elevación ao organismo internacional.

O secretario xeral da Emigración solicita a Comisión Delegada un pronunciamento ao respecto, para elo presenta unha a proposta e di que, debido as particularidades do proceso, está consensuada co Valedor do Pobo. Tras facer lectura do acordo, sométeo a consideración da comisión.

Os membros da Comisión Delegada, tras aprobar a iniciativa por unanimidade, estampan a súa firma no documento. Unha copia do mesmo figura anexoado a presente acta.

A continuación o secretario xeral da Emigración solicita que un membro representante de algunha Comunidade Galega faga a lectura pública da declaración, nun acto institucional que se desenvolverá posteriormente ao remate da sesión da comisión. Anuncia que participarán, ademais dos presentes, o Presidente da Xunta de Galicia, os alcaldes dos concellos da bisbarra, representantes das Deputacións Provinciais e outras autoridades e personalidades que se quixeron sumar.

A Comisión Delegada nomea a Beatriz Carballo Regueira para que, no nome de todos, faga lectura do documento aprobado.

Sendo as 11:45 Hs. incorpórase a Comisión Delegada o Presidente da Xunta de Galicia que, tras saudar persoalmente os presentes, intervén dándolles a benvinda a este lugar tan significativo da Ribeira Sacra así como a Galicia, manifestando que e a súa Terra, a Terra de todos os Galegos.



Comisión Delegada
do Consello de
Comunidades Galegas

Posteriormente, tras agradecer a disposición dos membros da Comisión Delegada a seguir traballando intensa e eficazmente, fai unha breve análise da situación social, económica e política que está a vivir o país.

Logo di que quere abordar o problema, por ser de grande interese para todos, do voto exterior. Que se ten iniciada a súa revisión facendo análise dos procedementos que, ao respecto, utilizan algúns países, e que os movementos a facer deberían ir dirixidos tras estudar tres aspectos.

- A ampliación de prazos.
- O voto en furna nos consulados.
- O voto electrónico.

Posteriormente realiza unha rolda de conversas con cada un dos membros representantes das Comunidades Galegas, interesándose polas diversas situacións de cada unha e de seus países de asentamento.

Sen máis asuntos que tratar, sendo as 14:00 horas, o presidente da Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas da por rematada a presente sesión, despide aos asistentes, dálles as grazas polo traballo realizado e deséxalles un feliz retorno a seus lugares de residencia.

O Presidente

O Secretario

Antonio Rodríguez Miranda

Ramón Brigos Fernández